

INTERIOR DA FÁBRICA DE TABACOS DE SEVILLA. UN ESTUDO DE GONZALO BILBAO PARA *LAS CIGARRERAS* NO MUSEO DE PONTEVEDRA

Entre as obras pertencentes á antiga colección de José Fernández López no Museo de Pontevedra destaca un interesante estudo do pintor sevillano Gonzalo Bilbao Martínez (1860-1938) para *Las Cigarreras*, o famoso cadro que o artista presentou á Exposición Nacional de 1915, actualmente en el Museo de Bellas Artes de Sevilla.



Con *Las Cigarreras*, Bilbao, que dedicou gran parte da súa produción a representar a muller sevillana do seu tempo, realiza unha simbólica homenaxe á muller traballadora. Neste cadro que se pode considerar, a un tempo, como costumista, rexionalista e simbolista, o pintor mostra a implicación social da súa pintura ó superar a tónica representación folclórica de tipos populares andaluces para expresar o seu sentimento ante a abnegación, o esforzo e a dignidade destas mulleres, pertencentes ás clases sociais máis humildes, proletarias que desenvolvendo o seu traballo cotián adquiren na súa obra a condición de heroínas. O valor icónico do cadro e a súa profunda mensaxe simbólica foron compartidos polos sevillanos, que recompensaron ó artista cunha multitudinaria homenaxe popular, á que acudiron masivamente as cigarreiras, coa que é recibido na capital andaluza en desagravio á non concesión, tras discutida pugna co valenciano Francisco Domingo Marqués, da Medalla de Honra á que optaba na exposición madrileña de 1915.

Nado en Sevilla, no seo dunha acomodada e relevante familia da cidade, desde moi novo Gonzalo Bilbao manifesta, coma o seu irmán Joaquín, que será un destacado escultor, unha inequívoca vocación artística. Por exixencia paterna inicia a carreira de Dereito, aínda que compaxina os estudos de leis coa asistencia a clases de pintura cos costumistas románticos Pedro e Francisco de la Vega. En 1880, ó finalizar os seus estudos universitarios, decide dedicarse plenamente á arte e viaxa a Italia, visitando Nápoles, Venecia e Roma. Na capital italiana coincide con algúns dos principais pintores sevillanos do momento, como José Jiménez Aranda, José Villegas Cordero ou José García Ramos, cos que establece estreitas relacións, e iníciase, con eclécticas vistas urbanas e rurais, na participación en certames e exposicións. En 1883, atraído polas novas tendencias pictóricas, viaxa tamén a París, onde volve a coincidir con Jiménez Aranda, e comeza o seu interese pola temática de tipo social, a nova maneira de sentir nacida como resposta ós cambios sociais, políticos e filosóficos, e ás tensións entre o proletariado e a burguesía, que o realismo se encarga de difundir. En 1887 obtén a segunda medalla na Exposición Nacional de Madrid e, pouco despois, regresa a Italia sendo xa patentes na súa obra a virtuosa e persoal captación lumínica e cromática, que serán sinais de identidade da súa pintura. De volta a España, realizará numerosas viaxes e desde 1903 exercerá a docencia na Escuela de Bellas Artes de Santa Isabel de Hungría en Sevilla, onde serán discípulos seus, entre outros, Vázquez Díaz e Eugenio Hermoso. Coas súas paisaxes, retratos e escenas de costumes de clara intencionalidade social, goza de recoñecemento internacional e convértese nun dos artistas fundamentais na pintura sevillana e española do tránsito dos séculos XIX e XX. Entre a súa abundante produción, *Las Cigarreras*, o enorme lenzo de 305 x 402 cm que presenta á Exposición Nacional de 1915, supón o punto culminante da súa brillante carreira artística.

Como numerosos artistas, viaxeiros e escritores do XIX, Gonzalo Bilbao sentírase atraído pola forte personalidade das buliciosas traballadoras da Fábrica de Tabacos de Sevilla que, como as campesiñas, xitanas ou bordadoras, foron protagonistas de moitos dos seus cadros desde a última década do século. Cun carácter costumista Bilbao repetía entón o consolidado e estendido arquetipo do personaxe novelesco difundido pola literatura a partir de 1845 con “Carmen”, a novela de Prosper Mérimée levada á ópera por Bizet en 1875, que estende o mito das cigarreiras como mulleres fortes, atrevidas e rebeldes.

A Real Fábrica de Tabacos de Sevilla, fundada en 1620, foi a primeira do seu xénero que funcionou en España. Administrada directamente pola Facenda pública desde 1684, foi un dos maiores complexos industriais de Europa. Situada nun enorme edificio rectangular, cuxas azoteas eran usadas como secadoiros, o delicado traballo de elaboración dos cigarros iniciárase con persoal masculino. Sen embargo, a partir de 1812, a semellanza das restantes fábricas tabaqueiras do país -Cádiz, Alicante, A Coruña, Madrid- as mulleres substitúenos no desempeño destes labores. Os motivos polos que se optou polo emprego de persoal feminino son entre outras a maior habilidade, destreza e paciencia que mostran as mulleres para a laboriosa manufactura pero, evidentemente, tamén porque era unha man de obra máis barata nun traballo que esixía gran número de operarios. Nuns tempos nos que os traballadores, e moito menos as mulleres, non teñen recoñecido ningún dereito laboral, as condicións de traballo das cigarreiras eran extremadamente duras. Ó respecto son ben ilustrativas as descrições que nos chegan da fábrica hispalense a través de autores como Richard Ford, Théophile Gautier, Edmundo de Amicis, Jules Claretie, Armando Palacio Valdés, Pierre Louÿs e René Bazin, ou Emilia Pardo Bazán, decidida defensora do traballo e da educación da muller que, en *La Tribuna* (1883), aporta a primeira aproximación da literatura castelá ó mundo laboral feminino referindo, no seu caso, a vida e o ambiente das cigarreiras da fábrica da Coruña.

Na factoría de Sevilla, que xeraba unha das maiores producións de cigarros do país, chegaron a traballar diariamente máis de seis mil mulleres, aínda que coa paulatina mecanización o seu número irá diminuindo e en 1906 as cigarreiras quedaban xa reducidas a algo máis da metade. Soportando unha calor sufocante, as traballadoras repartíanse en grupos de seis a dez polas diversas galerías da factoría, denominadas “cuadras”, en mesas de traballo onde unha veterana, “ama de rancho”, supervisaba e anotaba a produción de cada empregada. Baixo a asfixiante calor, nunha atmosfera densa e viciada, impregnada dun irritante po que flotaba permanentemente no ambiente e o penetrante olor a tabaco e suor, as mulleres leaban os cigarros sentadas, pois non se lles permitía levantarse dos seus postos, pero compatibilizaban as interminables xornadas laborais coa charla constante, polo que o incesante ruído era outra das características do lugar.

As cigarreiras adoitaban comezar no traballo en torno ós 13 anos e non existía un límite de idade para a xubilación. A principios do século XX cobraban un salario de 2 pesetas diarias, o que supoñía menos da metade dun xornal masculino, pero que permitía a estas mulleres ser independentes e manter ou colaborar ó mantemento das súas familias. Ademais, as que eran nais, e moitas delas éran e solteiras, estaban autorizadas a levar con elas os seus bebés para darlles o peito e podían ter ó seu lado no taller os nenos en berces que a propia fábrica lles facilitaba, o que permitía que sen deixar de lear os cigarros puidesen arrolar co pé as camiñas, co que as sufridas operarias compartían o seu traballo coas obrigacións maternas.

Son tempos nos que os traballadores non teñen máis dereito que o salario que cobran, non existe ningún tipo de atención social por parte do Estado, non hai seguro de enfermidade, nacemento, viuvez, orfandade ou incapacidade e tampouco pensións de xubilación. Neste difícil ambiente as cigarreiras, sen embargo, logran constituír como colectivo unha asociación de tipo benéfico, unha irmandade de socorro, aínda sen carácter sindical, na que a través dun fondo común se pagaban os subsidios por enfermidade, os días de baixa por maternidade e a asistencia ás anciás que xa non podían realizar o seu labor. Estas mulleres, estimadas e admiradas polo seu duro traballo, adquiren forza e, conscientes da súa cualificación, serán reivindicativas, documentándose entre 1905-1916, malia que con escasos resultados, varios conflitos nos que as traballadoras reclaman dereitos elementais como a equiparación do salario cos varóns, a xornada laboral de oito horas ou a regulación dos despedimentos, reivindicacións que levarán incluso á convocatoria de grandes folgas no período comprendido entre 1918 e 1921.

As cigarreiras sevillanas que atenden e compaxinan o seu traballo coas súas obrigacións como mulleres e nais, xa que as esgotadoras xornadas laborais non as eximen das súas tarefas domésticas, convértense en exemplo paradigmático da revolución industrial e pronto serán un tema atractivo para os artistas. Como en literatura, os primeiros testemuños pictóricos que valoran as escenas cotiás que se desenvolven na Fábrica de Tabacos de Sevilla corresponden a artistas estranxeiros, como o británico John Bagnold Burgess (1829-1897), o belga Constantin Emile Meunier (1831-1905) ou o estadounidense Walter Gay (1856-1932), precedentes das que máis tarde, en pleno rexionalismo sevillano, farían artistas locais pertencentes á seguinte xeración, como Gonzalo Bilbao.

Mostrándose seguidor da tradición estética realista, Gonzalo Bilbao en *Las Cigarreras*, o óleo de gran formato que presenta á Nacional de 1915, abandonará convencionalismos do costumismo tardorromántico que, de forma máis ou menos compracente, amosa en obras anteriores e, baixo a influencia das propostas sociais da época, reflexiona cunha mirada máis comprometida e crítica

sobre a muller que traballa. As cigarreiras deixan de ser protagonistas míticas de novela para mostrar, seguindo as novas orientacións da pintura rexionalista, á muller traballadora que se converte aquí en modelo iconográfico representativo da laboriosidade e do ser andaluz. Ó respecto o propio artista afirmará, en 1935, no discurso lido na súa recepción como académico de número da Academia de San Fernando: *Toda mi obra como artista ha sido sentida y emocionada en el culto a los trabajos de la obrera sevillana, tan dignos de glorificación, y que constituyen la grandeza de los pueblos... Creo firmemente que impulsó mi pincel la providencia en holocausto de la obrera sevillana, de la grandeza de su abnegación, de la santificación de su pobreza.*

Con pincelada solta e unha paleta elegante e luminosa, *Las cigarreras* constitúen un perfecto estudo de composición, do escenario arquitectónico e das súas perspectivas e, especialmente, do efecto pictórico da luz e sa súa incidencia no espazo e na materia. Neste lenzo de grandes dimensións, hoxe conservado no Museo de Bellas Artes de Sevilla, Bilbao adopta un realismo naturalista baseado na tradición velazqueña, que nos evoca a *Las hilanderas*, e presenta unha instantánea do traballo cotián no interior da fábrica reflectindo con exactitude e detalle o seu ambiente. Recréase na figura dunha muller situada en primeiro termo, unha nai nova que, sen se levantar da súa mesa de traballo, detén momentaneamente a súa actividade laboral para dar o peito ó seu fillo, ó que acaba de erguer do berce que se sitúa á súa dereita, ante a amable mirada dalgunhas das súas compañeiras. O artista individualiza os rostros e os xestos do grupo de operarias que protagonizan esta emotiva escena, na que radica unha gran parte da carga social da obra, comunicándonos unha denuncia dulcificada da dureza de vida das cigarreiras. Presenta aquí a súa preocupación polo tema da lactación, un asunto que o pintor coñecía ben a través da súa irmá menor, Flora Bilbao de Rebolledo, que formaba parte da xunta de damas protectoras do consultorio de nenos de peito de Sevilla, unha institución reivindicativa cos dereitos das traballadoras, cuxo director, xa en 1909, pedía ós responsables da fábrica que lles concedesen unha xornada dividida en dous tempos para aleitar os meniños. Hai que ter en conta que ata 1923 o dereito laboral español non establecerá con carácter xeral a suspensión do contrato da muller, con reserva do posto de traballo, durante un prazo de seis semanas despois do parto e a norma pola que, durante o período de lactación, as mulleres terán dereito dentro da xornada laboral a unha hora diaria, dividida en dous períodos de trinta minutos, para atender a alimentación dos seus pequenos.

O cadro firmado en 1915 constitúe o final dun longo proceso de reflexión e investigación pictórica iniciado polo pintor desde os primeiros anos do século. A súa presenza nas instalacións da fábrica será constante durante anos, grazas á súa amizade con Luis Alarcón y Manescau, director da mesma, alcanzando unha gran empatía coas traballadoras. Durante ese largo período o pintor realizará numerosos estudos previos á obra definitiva, na busca de solucións para cada un dos elementos compositivos e técnicos. Coñécese a existencia dun bo conxunto deles, datados entre 1910 e 1915, que actualmente se atopan en coleccións particulares, o Museo de Bellas Artes Sevilla e o Círculo de Bellas Artes de Madrid, nos que se evidencia que o artista consideraba estes traballos como cadros en si mesmos. De feito, en decembro de 1912, na primeira exposición persoal que o artista realiza no Salón Vilches de Madrid, presenta seis estudos do interior da fábrica sevillana e igualmente, acompañando a *Las cigarreras* na Nacional de 1915, expuxo once, todos eles pintados ó óleo e dunhas similares dimensións, en torno ós 84 x 62 cm.



O Museo de Pontevedra posúe tamén un destacado estudo preliminar do interior da Fábrica de Tabacos de Sevilla, unha obra que Gonzalo Bilbao mostrou na exposición organizada polo Ateneo sevillano en 1915 e que foi reproducida pola prensa da época. Ingresou na entidade en xuño de 1961, como depósito do empresario José Fernández López, gran coleccionista galego e extraordinario mecenas da entidade, que por esas datas o adquirira no Salón Cano de Madrid. Trala morte do titular, en 1994 o cadro pasou a ser propiedade do Museo mediante a compra efectuada ós seus herdeiros do importante conxunto de obras pertencentes á súa colección que aínda permanecían aquí depositadas.

Este estudo, tamén un óleo sobre lenzo, ofrece importantes diferenzas con respecto ós antes citados e fronte ó tamaño medio e uniforme daqueles, presenta unhas dimensións bastante superiores, 110 x 150 cm. O cadro está firmado por Gonzalo Bilbao en Sevilla, no ángulo inferior dereito, e unha



recente revisión da obra permitiunos comprobar que contén tamén a data de execución. Esta fecha, aínda que de trazo borroso e difícil lectura, que ata o de agora permanecía oculta polo marco, parece

corresponderse co ano 1909. A aparición desta data, lixeiramente anterior á que mostraban os outros estudos datados, fainos pensar que poida tratarse dun dos primeiros que o pintor sevillano realiza no largo camiño de creación de *Las cigarreras*.

Cun colorido vibrante e cunha técnica solta de pinceladas amplas e rápidas, a veces escasas de óleo, e aplicadas sobre un lenzo grosso que contribúe a dar textura á pintura, reproduce unha vista do interior da fábrica desde un ángulo moi similar ó do cadro definitivo e ó do estudo previo, datado en 1911, que tamén se conserva no Museo de Bellas Artes de Sevilla (Nº inv. DJ1254P). Sen embargo, aquí Bilbao recorre a un encadre máis aberto e lixeiramente diagonal, o que permite visualizar dúas das galerías do edificio, no que supón un magnífico estudo espacial e arquitectónico. Baixo as naves, cubertas con bóvedas vaídas e iluminadas lateralmente, sitúa, nun ambiente laboral relaxado, a varios grupos de cigarreiras que, sentadas en torno ás súas mesas, xunto a grandes cestos que conteñen as follas de tabaco, realizan o seu rutineiro traballo. A intensa luz do sol, que penetra polos óculos e polas ventás que se abren na parte dereita, provoca unha alternancia de luces e sombras coas que o artista consegue un suxestivo e escenográfico efecto de profundidade. Na galería lateral, na que algunhas cigarreiras traballan de costas ó espectador, destacan, especialmente, os efectos de luz que provocan a creación de perspectivas e a fusión das figuras coa arquitectura.



Como noutros estudos previos, neste do Museo de Pontevedra o pintor atenúa a súa intencionalidade social e manifesta unha maior atención en plasmar con detalle o ambiente cotián da fábrica. Cun ritmo visual moi logrado, realiza aquí un magnífico catálogo das traballadoras en diversas posturas e actitudes, algunhas concentradas no seu labor, outras charlando e sorrindo alegremente, para, mostrándose incluso prolixo en detalles, xestos e vestimentas, achegarnos á realidade do bulicioso lugar.



Fronte a *Las cigarreras*, neste estudo Bilbao prescinde da central e emotiva figura da nai que aleita o seu fillo e, no seu lugar, sitúa a unha moza que, co mantón ó pescozo e cunha vistosa flor no pelo, fai un alto no seu traballo e cunha brillante mirada observa ó espectador. Sen embargo, a referencia á presenza dos nenos na fábrica está testemuñada tamén na zona esquerda do cadro, aínda que agora en último termo, onde o pintor sitúa de pé a unha cigarreira co seu pequeno en brazos.

M^a Ángeles Tilve Jar

Conservadora

BIBLIOGRAFÍA

Bernardino de Pantorba (López Jiménez, José): *Historia y crítica de las Exposiciones Nacionales de Bellas Artes celebradas*. Madrid, 1980, pp. 225-235.

Exposición Gonzalo Bilbao. Catálogo. Madrid, Casa Vilches, 1912.

Fraguas Fernández, N.: "A arte do século XX" en: *75 obras para 75 anos. Exposición conmemorativa da fundación do Museo de Pontevedra*. Pontevedra, Museo de Pontevedra, 2003, p. 95.

Morales Padrón, F.: *Guía sentimental de Sevilla*. Sevilla. Universidad de Sevilla, 1988, pp. 135-138.

Pardo Bazán, E.: *La Tribuna*. Madrid, 1883.

Pérez Calero, G.: "El costumbrismo regionalista de Gonzalo Bilbao" en: *Antiquaria*, nº 43. Madrid, 1987, pp. 26-31.

Pérez Calero, G.: *Gonzalo Bilbao. El pintor de las cigarreras*. Madrid, Tabapress, 1989, pp. 74-83, 188.

Pérez Calero, G.: "Pintura andaluza y generación del 98" en: *La artes españolas en la crisis del 98*. Oviedo, Universidad de Oviedo, 1996, pp. 214-218

Pérez Calero, G.: "La imagen del *nuevo héroe* en la pintura andaluza" en: *Archivo Español de Arte*, nº 302, Madrid, 2003, pp. 117-132.

Rodríguez Aguilar, I. C.: *Arte y cultura en la prensa: la pintura sevillana (1900-1936)*, Sevilla, Universidad de Sevilla, 2000, pp. 344-346, 352, 553.

Rodríguez Gordillo, J. M.: *Historia de la Real Fábrica de Tabacos de Sevilla: sede actual Universidad de Sevilla*. Sevilla, Universidad de Sevilla, 2005.

Romero Masiá, A.: "As cigarreiras que coñeceu dona Emilia" en: *La Tribuna. Cadernos de Estudos da Casa Museo Emilia Pardo Bazán*, nº 5. A Coruña, Casa Museo Emilia Pardo Bazán, 2007, pp. 41-76.

"Gonzalo Bilbao y su obra. Juicios críticos del cuadro *Las cigarreras de Sevilla*" en: *Bética*, nº 35- 36, 15 e 30 de xuño de 1915.

Discursos leídos en la solemne recepción del académico de número Excmo. Sr. D. Gonzalo Bilbao y Martínez celebrada el día 21 de marzo de 1935. Madrid, Academia de Bellas Artes de San Fernando, 1935.

La ilustración artística. Barcelona, 7 de xuño de 1915, p. 395.

La mirada complacida, la mirada inquieta. La pintura finisecular entre la tradición y la modernidad. A Coruña, Museo de Belas Artes da Coruña, 1999, pp. 123, 135.

Fundación Gota de Leche. Memoria de Actividad 1906-2010. Sevilla, Fundación Gota de Leche, 2010, p. 2 (www.gotadeleche.org)

Gonzalo Bilbao. Fondos del Museo de Bellas Artes de Sevilla. Sevilla, Junta de Andalucía, 2012, pp. 21, 68, 78-81.